

# ID#743

Leduzo - Cerqueda - Malpica de Bergantiños, 1980-03  
**Informantes:** Generosa (40), Calviño (45) e Celestino (40)  
**Compiladora:** Dorothé Schubarth  
**Transcripción:** Dorothé Schubarth e Antón Santamarina



Museo  
do Pobo  
Galego



instituto de  
estudos das  
identidades

Generosa:

O amor da costureira  
era papel e mollouse  
agora costureiriña  
o teu amor acabouse.

Calviño:

Ladran os cans en Leduzo  
...  
son os mozos de Taraio  
quedaron de vir e ven-he.

Generosa:

O lughar de Riotorto  
e bo de pasar con día  
o que o pase de noite  
ten que lovar compañía.

Viva Cores e Bardaio,  
Riotorto e a Aurada  
Santa Crus e os Torrados,  
o Castro e maila Campara.

Unha noite me colleche  
nunha fiada de lan,  
unha noite me colleche  
outra non me collerán-he.

Calviño:

Ai, o muíño de meu pae  
eu ben lle sein o tempero  
cando está alto baixalo  
cando está baixado erghelo.  
Ai la...

Vai bailar, Carmiña,  
a mais trai o neno  
unque non é meo  
gustábame velo.  
Ai la la ra...

Generosa:

Hei de facer unha nena  
ahora xa vén en moda  
para pasear con ela  
pola carretera nova.  
Ai la...

## ID#743



Museo  
do Pobo  
Galego



instituto de  
estudos das  
identidades

Si te quieres venir vente  
qu' yo me voy a advertir-e  
a los caños de una fuente  
por ver el agua salir-e.

Calviño:

Ai, Santa Margharita tiene  
una fuente con dos caños  
onde curan los enfermos  
todos los males extraños.

Ai la la ra...

Unha noite me colleron,  
outra non me collerán-he  
unha noite me colleron  
nunha fiada de lan-he.

Ai la ra la...

Queridiña donch' os ollos  
temén me don os meus,  
vainos lavar aquel río  
dond' a truita lava os seus.

Generosa:

Se polo sombreiro ó lado  
porque es fillo de rico  
pódelo poñer ben dreito  
que eu de ti non necesito.

Ai la la...